

CENTRO SOCIOCULTURAL DO ENSANCHE

ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS

CLUB DE LECTURA SEMANAL

Xoves de 20 a 21 horas.

CLUB DE LECTURA QUINCENAL

2º e 4º mércores do mes de 20 a 21 horas.

BIBLIOTECA PÚBLICA JOSÉ SARAMAGO DO CENTRO SOCIOCULTURAL AURELIO AGUIRRE DE CONXO

ACTIVIDADES INFANTÍS

CLUB DE PEQUENAS/OS LECTORAS/ES (idade: entre 5 e 10 anos)

Mércores de 18 a 19 horas. Lemos xogando e xogamos lendo.

QUE SESERASEXERA

3º mércores de cada mes de 20 a 21 horas. Actividades de animación á lectura no club mozo a través de dinámicas como "role-playing", debates, "escape room" ou "move players"

VIVE A AVENTURA! (idade: entre 8 e 13 anos)

Venres de 19 a 20 horas. Actividades de animación á lectura a través do xogo e das novas tecnoloxías.

ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS

CLUB DE LECTURA "PETISCOS LITERARIOS" QUINCENAL

Mércores de 19.15 a 20.15 horas. Club de lectura de relatos, contos e novelas breves que non precisen máis de 4 horas de lectura.

OBRADOIRO DE ESCRITURA CREATIVA QUINCENAL

Martes de 19.30 a 21 horas.

BIBLIOTECA PÚBLICA JOSÉ SARAMAGO DO CENTRO SOCIOCULTURAL DE VITE

ACTIVIDADES INFANTÍS E XUVENÍS

"CLUB DAS MENTES PENSANTES"

Mércores de 17.30 a 18.30 horas. Mellora a túa comprensión lectora a través de adiviñas, trabalinguas, enigmas...

"OS MISTERIOS DE VITE"

Venres de 19.15 a 20.15 horas. Actividade de resolución de enigmas a través do misterio.

ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS

CLUB DE LECTURA QUINCENAL

2º e 4º xoves de 18 a 19 horas.

LUNS AO SOL DA LECTURA

Todos os luns de 19.30 a 20.30 horas. Para persoas maiores amantes das historias e dos libros.

*Clubs de lectura e obradoiros de escritura con inscrición previa e prazas limitadas (mínimo de 8 persoas/grupo). Consultar prezos no momento da inscrición.



HORARIOS

CENTRO SOCIOCULTURAL DAS FONTIÑAS

- Luns a venres de 9 a 13.45 e de 16.30 a 21.15 horas
- Sábado de 10 a 13.45 e de 17 a 20.45 horas

CENTRO SOCIOCULTURAL DE SANTA MARTA

- Luns a venres de 9 a 13.45 e de 16.30 a 21.15 horas
- Sábado de 10.00 a 13.45 e de 17.00 a 20.45 horas

CENTRO SOCIOCULTURAL JOSÉ SARAMAGO DE VITE

- Luns a venres de 10 a 13 e de 16.30 a 21.15 horas

CENTRO SOCIOCULTURAL AURELIO AGUIRRE DE CONXO

- Luns a venres de 16.30 a 21.15 horas
- Sábado de 10 a 13.45 horas

+ info na web:

centrossocioculturaisantiago.compostela.gal e no Facebook e Instagram: [@bibliotecajosesaramagosca](https://www.instagram.com/bibliotecajosesaramagosca)



BIBLIOTECA JOSÉ SARAMAGO

PROGRAMA DE ACTIVIDADES SETEMBRO 2023/XULLO 2024



CSC VITE



CSC FONTIÑAS



CSC CONXO



CSC STA. MARTA



REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAI SANTIAGO DE COMPOSTELA



CSC CIDADE HISTÓRICA



CSC O ENSANCHE



Deputación DA CORUÑA



CONCELLO DE SANTIAGO

As bibliotecas dos CSC do Concello de Santiago, ademais de permitir o estudo, realizar catalogación de novos libros e préstamo ou, o asesoramento sobre eles, deben achegar á cidadanía outras actividades que, de xeito transversal, impliquen á mesma en novas propostas en torno aos libros, a escrita e a literatura, desfrutando do tempo libre dun xeito creativo, educativo e socializador.

A inmersión cultural que o mundo da literatura nos pode aportar é fundamental para o crecemento harmonioso da sociedade.

Ademais da atención diaria a tódalas persoas que acoden aos postos de lectura e estudo, queremos ofertar outras actividades que queremos que formen parte da nosa proposta programática:

- Actividades vencelladas a conmemoración das distintas efemérides.
- Visitas organizadas a Casas-Museo de escritores/as relevantes da nosa cultura.
- Realización de contacontos, actividades poéticas e teatrais.
- Charlas, debates e presentacións de libros con escritores/as de relevancia.
- Actos en torno ao día Mundial das Bibliotecas ou da tradución literaria.
- Participación no certame de novela Casino de Santiago.
- Continuar co uso das novas tecnoloxías e as actividades en liña nas aulas de lectura entendendo que, o mundo cultural e dos libros, gaña unha nova dimensión con estas propostas e permite achegarnos a novos/as usuarios/as.
- Desde o ano 2001, que creamos o primeiro club de lectura no CSC das Fontiñas, foron medrando novos clubs, así como tamén de escrita creativa.
- Conmemoración do Día das Letras Galegas, permitiranos este próximo ano afondar na figura da poetisa coruñesa Luísa Villalta.
- Crear pequenas bibliotecas de rúa, continuar coa actividade de "bookcrossing".
- Darase continuidade a "12 meses 12 libros", para seguir tendo uns espazos de lectura atractivos e fomentaremos que a nosa biblioteca sexa sempre inclusiva.
- Por primeira vez agasallaremos ao lector/a do ano, tanto infantil como adulta, en cada sala de lectura da biblioteca.

PROGRAMACIÓN ANUAL

12 MESES 12 LIBROS

Campaña de animación á lectura para fomentar hábitos lectores. Co teu pasaporte viaxarás a través dos libros cada mes.

RECOMENDACIÓNS E EXPOSICIÓNS de libros e lecturas co gallo da conmemoración das datas sinaladas mensualmente. Sección de intercambio de libros.



PROGRAMACIÓN XENÉRICA MENSUAL

SETEMBRO

-30 de setembro: Día Internacional da Tradución. Charla sobre o mundo da interpretación e tradución.

OUTUBRO

-16 de outubro: Día das Escritoras. Roteiro pola cidade seguindo as pegadas de escritoras galegas.

-24 de outubro: Día Internacional das Bibliotecas. Visita guiada a Biblioteca e Arquivo catedralicios.

NOVEMBRO

-10 de novembro: Día Internacional das Librarías. Visita guiada a unha librería da cidade.

-16 de novembro: Aniversario do Nacemento de José Saramago. Actividades específicas.

-25 de novembro: Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Participación activa nas actividades propostas desde o concello. Guía de publicacións feministas.

-Mes da Ciencia: actividades específicas nas diferentes salas.

DECEMBRO

-17 de decembro: Día da Edición e Aniversario do Nacemento de Ánxel Casal. Charla con Henrique Alvarelos.

-Nadal: guía de agasallos de libros para todos os públicos.

XANEIRO

-11 de xaneiro: Día da/o Usuaría/o da biblioteca en Galicia. Agasallo ás persoas lectoras do ano.

-30 de xaneiro: Día de Castelao: visita á exposición permanente no Museo de Pontevedra. Día da Ilustración: guía de libros ilustrados.

FEBREIRO

-11 de febreiro: Día da Nena e a Muller na Ciencia, actividades específicas.

-24 de febreiro: Día de Rosalía. Visita guiada á casa Museo de Rosalía en Padrón.

MARZO

-8 de marzo: Día Internacional das Mulleres. Participación activa nas actividades propostas desde o Concello. Guía de publicacións feministas.

-17 de marzo: Día da Banda Deseñada. Obradoiro con experta/o.

-21 de marzo: Día Internacional da Poesía. Lectura poética musicada no CSC Maruxa e Coralia.

ABRIL

-2 de abril: Día do Libro Infantil e Xuvenil. Visita guiada para público infantil a unha librería histórica da cidade.

-23 de abril: Día Internacional do Libro. Solta de libros nos parques da cidade.

-28 de abril: Conmemoración do "Banquete de Conxo".

Participación activa nas actividades propostas desde o Concello.

MAIO

-17 de maio: Día das Letras Galegas. Actividades ao redor da figura de Luísa Villalta Gómez. Mural conmemorativo no exterior do CSC das Fontiñas.

-18 de maio: Día Internacional dos Museos. Visita guiada a un museo da cidade.

XUÑO

-9 de xuño: Día Internacional dos Arquivos. Visita guiada a un arquivo da USC, o cal contén o arquivo municipal até 1960.

-SELIC: presenza na semana do libro de Compostela.

***Consultar a programación máis específica nas salas de lectura**

PROGRAMACIÓN XENÉRICA

outubro-xuño

BIBLIOTECA PÚBLICA JOSÉ SARAMAGO DO CENTRO SOCIOCULTURAL DAS FONTIÑAS

ACTIVIDADES INFANTÍS

AVENTURAS E LECTURAS NA BIBLIOTECA (sábados puntuais)

Actividades de animación á lectura para achegar dun xeito lúdico ás crianzas ao mundo dos libros.

INTRÉPIDAS/OS DO SABER (idade: entre 5 e 10 anos)

Luns de 18.30 a 19.30 horas. Lemos xogando e xogamos lendo.

ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS

CLUB DE LECTURA SEMANAL

Martes de 19 a 20 horas.

CLUB DE LECTURA QUINCENAL

Xoves de 19 a 20 horas.

OBRADOIRO DE ESCRITURA CREATIVA QUINCENAL

2º e 4º luns de 19.30 a 21 horas.

BIBLIOTECA PÚBLICA JOSÉ SARAMAGO DO CENTRO SOCIOCULTURAL DE SANTA MARTA

ACTIVIDADES INFANTÍS

CLUB DE PRIMEIRAS LECTURAS (idade: entre 8 e 10 anos)

Luns de 16.30 a 17.30 horas.

ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS

CLUB DE LECTURA GRUPO I

Martes de 19.15 a 20.15 horas.

CLUB DE LECTURA GRUPO II

Mércores de 20 a 21 horas.

CLUB DE LECTURA GRUPO III

Xoves de 20 a 21 horas.

OBRADOIRO DE ESCRITURA CREATIVA QUINCENAL

2º e 4º xoves de 18.30 a 20 horas.

CENTRO SOCIOCULTURAL CIDADE HISTÓRICA MARUXA E CORALIA

ACTIVIDADES INFANTÍS

CLUB DE LECTURA MENSUAL

3º venres do mes de 17:30 a 18:30 horas.

ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS

CLUB DE LECTURA QUINCENAL

1º e 3º mércores de 18 a 19 horas.

OBRADOIRO DE ESCRITURA CREATIVA QUINCENAL

2º e 4º venres do mes de 19 a 20.30 horas.